

# 7 DIAS

## ■ Semana de Filosofía para o Xacobeo 93

Recén finalizada en Pontevedra a novena edición, a Aula Castelao xa anuncia o tema ao que vai adicar a Semana de 1993. Será "Filosofía e Relixión", xustificado pola coincidencia coa Ano Xacobeo. No desglose de temas previstos tres grandes bloques: *Teoría da Relixión* (teísmo; ateísmo; agnosticismo; ciencia e relixión; función social da relixión e Antropoloxía e relixión); *A relixión en Galicia* (Política e relixión; o papel da relixión na educación tradicional e Xacobeo 93; aspectos económicos e aspectos espirituais) e *A relixiosidade no mundo* (Cristianismo, Islamismo, Budismo, Proliferación de sectas e Diálogo de relixión, diálogo de culturas).♦

## ■ Cultura recibe aos escritores

A Asociación de Escritores en Língua Galega entrevistouse con Daniel Barata para estudar a posibilidade de establecer un convenio de colaboración, que permita dotar dunha mínima infraestrutura á organización dos escritores que na actualidade carece mesmo de local. O convenio importaría 10 millóns de

pesetas e segundo os directivos da AELG permitiría equiparar á asociación galega coa basca e a catalana.

Por outra banda Miguel A. Fernán-Vello e Uxío Novoneira plantearon a posibilidade de que através dun proxecto de lei se contemplan axudas para escritores maiores de 65 anos con problemas económicos por saúde ou accidente, ao obxecto de evitar situacións como as padecidas en España por Gabriel Celaya.

Finalmente a AELG propuxo que o premio Xunta de Galicia da Criación Cultural fose concedido a título póstumo ao poeta Avilés de Taramancos.♦

## ■ Relacións musicais italo- ibero-americanas e o teatro musical de dous séculos

No ámeto do XV Congreso da Sociedade Internacional de Musicoloxía decidiuse a creación dun grupo de traballo para investigar as relacións de Italia, Portugal e o Estado español cos países latinoamericanos, realizándose o primeiro estudo sobre os procesos productivos do teatro musical, así como a súa circulación, recepción e difusión no período do 1701 a 1914. Forman parte do grupo A. Centragolo, como coordinador, M. Conati, A. Lemón, W.A. Roldán, E. Cámara, J. Torres e o musicólogo galego Xoán M. Carreira. Os interesados no proxecto pódense dirixir ao IMLA (Casella Postale 1079, 35100 Pádova, Italia).♦

## ■ Homenaxe a Portela Valladares

O pasado mércores tivo lugar ante o Carballo de Santa Margarida unha homenaxe ao que fora presidente da II República, o pontevedrés Manuel Portela Valladares, nado na parroquia de Mourente. No acto desplegóse unha pancarta co lema "M. Portela Valladares, vello carballo solitario", recollen-do a definición que del daba Castelao. *Amigos da Cultura*, entidade que organizou o acto, anuncia un próximo ciclo de conferencias para reavivar a memoria desta importante figura da política galega, procurando a colaboración doutras entidades cívicas e culturais.♦



## ■ Calendario de Feiras do Libro

A Federación de Libreiros deu a coñecer o calendario de feiras en catálogo e de saldo ou lance que se celebran entre o 1 de Maio e o 23

de Agosto. As feiras de catálogo están previstas en Santiago (1-10 Maio); Sárria (13-17 Maio); Lugo (30 Maio a 7 de Xuño); Ourense (6-14 Xuño); Ferrol (15-21 de Xuño); Vigo (1-10 Xullo); Celanova (16-19

Xullo); A Coruña (1-10 Agosto) e Pontevedra (14-23 Agosto). En canto ás feiras de saldo celebráranse de quincena en quincena, entre Xuño e Setembro nas sete grandes cidades galegas.♦

## ■ A costa da morte no Festival de Zaragoza

A produción documental "A Costa da morte", dirixida por Ramón Francisco Ramón, presentouse no Festival Internacional de Cine Científico que se celebrou en Zaragoza. O documental galego é o capítulo piloto dunha serie sobre as zonas húmidas da Galiza, a súa importancia ecolóxica e a avifauna; foi gravado entre Marzo de 1991 e Marzo deste ano, para poder respectar o ciclo anual das aves, obténdose máis de mil minutos de imaxes de diferentes especies localizadas nas Illas Sisargas, lagoa de Traba e Ponteceso, nomeadamente. Os dereitos de antena do capítulo están adquiridos pola TVG.♦

## ■ Vidal Bolaño e Luz Pozo premiados

Os premios de teatro *Rafael Dieste* e de poesía *González Garcés* foron entregados o pasado sábado nun acto presidido pola presidente da Deputación coruñesa, entidade que corre co patrocinio dos mesmos. Vidal Bolaño gañou coa súa obra *Días sen gloria* e Luz Pozo Garza con *Prometo a flor do loto*. Durante o acto de entrega do premio Lino Braxe e Luisa Merelas deron lecturas a poemas do libro *Rubaiyat* de Omar Khayyam, traducido ao galego polo polifacético Rafael Dieste, que recentemente editou a Deputación con ilustracións de Alfonso Abelenda, Alberto Datas, Alejandro Gómez e Antonio Tenreiro.♦

## ■ Bancos e Caixas en galego

Coa colaboración dos sindicatos e do Consello da Xuventude a Mesa inicia a que considera unha das súas máis importantes campañas de concienciación dirixida a galeguizar os servizos de Caixas de Aforros e Bancos instalados no noso país. Repartiranse 5.000 carteis co lema *Nas Caixas existe que te atendan en galego*; 3000 dirixidos aos traballadores co texto *En galego, o que ti queiras*; adesivos que se poideran nos lugares ao público *Neste mostrador falamos en galego*; tarxetas postais, follas explicativas e case 200.000 peganinas animando: *En galego, é fácil*.

Xosé Manuel Sarille, presidente da Mesa cree que esta campaña de sensibilización debería ser suficiente para concienciar a usuarios e entidades que están cobrindo un servizo público nun país co seu propio idioma. Non hai que esquecer que a meirande parte das caixas de aforro de Galiza, usan o galego como marca comercial, sen modificar o nome real da entidade que aparece despois en todo tipo de impresos e convocatorias.♦

AS CERAMICAS DO  
CASTRO DE SARGADELOS  
ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O  
LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA  
E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGANDINO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NÓSOS RECURSOS